

SESION ORDINARIA DE 28 DE MAIO DE 2019

(Acta Número 06)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretaria:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e oito de maio de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa a Secretaria D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE ABRIL E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de abril e da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e un de maio de dous mil dezanove, e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISION DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS E MEDIO AMBIENTE

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DO ALCALDE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DUN DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de OUTEIRO DE REI, no que solicita unha modificación/substitución dun dos investimentos incluídos no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

2. O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído o investimento e a actuación que se sinalan e se pretenden modificar:

I.- CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

a) Concello de OUTEIRO DE REI incluíu no programa de investimentos do Plan único 2018 o seguinte investimento:

173	IDENTIFICACIÓN	ACONDICINAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPAI (SAN CIBRAO), CASTELO (SAN SALVADOR), CELA (SANTA MARÍA) E SAN FIZ DE PAZ (SAN PEDRO FIZ), (segundo coordenadas UTM)				
	FINANCIACIÓN	79.718,82	41.000,00	120.718,82	x	
174	IDENTIFICACIÓN	MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO TRAMO VIARIO DA RÚA DO SALETE (SAN MARTÍN DE GUILLAR)				
	FINANCIACIÓN	90.000,00	63.866,98	153.866,98		x
175	IDENTIFICACIÓN	SANEAMENTO EN PENELAS -N-VI EN OUTEIRO DE REI				
	FINANCIACIÓN	64.000,00	30.000,00	94.000,00	x	

b) A Alcaldía do Concello de OUTEIRO DE REI, solicita a través de escritos con RE nº 11220 de data 14 de maio de 2019, e RE 11647 de data 16 de maio de 2019, unha modificación/substitución do investimento incluído no PLAN ÚNICO, concretamente afecta ao investimento nº 174 do plan único 2018, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... o 6 de maio, recibíuse notificación da concesión da axuda solicitada no ano 2017, motivo polo cal, coa finalidade de non perder o financiamento comprometido pola Deputación con cargo ao Plan único 2018, a Xunta de Goberno local, en sesión celebrada o 09 de maio de 2019, acordou solicitar a modificación do Plan, no sentido de substituír o investimento indicado polo investimento Mellora das condicións de accesibilidade e de infraestruturas urbanas na rúa C en Outeiro de Rei, así como orzamento, sen

modificacións na achega de Deputación. Acompaña os novos proxectos e documentación relativa ás novas actuacións solicitadas, que de ser aprobado polo Pleno ditas modificacións, quedaría incluída no Plan único 2018 da maneira que se indica:

173	IDENTIFICACIÓN	ACONDICINAMENTO DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPAI (SAN CIBRAO), CASTELO (SAN SALVADOR), CELA (SANTA MARÍA) E SAN FIZ DE PAZ (SAN PEDRO FIZ), (segundo coordenadas UTM)				
	FINANCIACIÓN	79.718,82	41.000,00	120.718,82	x	
174	IDENTIFICACIÓN	MELLORAS DAS CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE E DE INFRAESTRUTURAS URBANAS NA RUA C EN OUTEIRO DE REI				
	FINANCIACIÓN	90.000,00	22.118,96	112.118,96		x
175	IDENTIFICACIÓN	SANEAMENTO EN PENELAS -N-VI EN OUTEIRO DE REI				
	FINANCIACIÓN	64.000,00	30.000,00	94.000,00	x	

- c) Ante a imposibilidade de adxudicar devandita obra data fixada inicialmente nas Bases do Plan único 2018, procede fixar un novo prazo para adxudicar esta obra, que se establece no 31 de xullo de 2019.

3. Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

4. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporada ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2018.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do investimento relativo ao Concello de OUTEIRO DE REI, así como fixar no 31 de xullo de 2019, o prazo para adxudicar dito investimento, incluído no PLAN ÚNICO 2018.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

Á vista do anterior, esta Presidencia, propón que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Outeiro de Rei, e en consecuencia, aprobar a modificación do investimento relativo ao Concello de Outeiro de Rei, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2018 modificado nos investimentos do Concello de Outeiro de Rei, nos seguintes termos:

174	IDENTIFICACIÓN	MELLORAS DAS CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE E DE INFRAESTRUTURAS URBANAS NA RUA C EN OUTEIRO DE REI				
	FINANCIACIÓN	90.000,00	22.118,96	112.118,96		x

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2018 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados na data límite do 31 de xullo de 2019”.

A proposta foi ditaminada favorablemente por unanimidade na Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

COMISION DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

3.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA/O ACTUACIÓN/CONCEPTO “ALUGUER LOCAL DE ALMACENAMIENTO DOS ALIMENTOS” DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO BANCO DE ALIMENTOS, RECOLLIDA NO VIXENTE ORZAMENTO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Deputada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Sonsoles López Izquierdo, en calidade de delegada da Área de promoción Económica e Social, e por ende, responsable dos asuntos en materia de servizos sociais da Deputación de Lugo expón o seguinte:

Considerando a petición realizada por dona Amadora Núñez Mera, en nome e representación da entidade Banco de Alimentos, con data 27 de marzo de 2019 (registro número 7262), mediante o cal solicitaba o cambio da actuación/concepto da subvención directa nominativa recollida nos vixentes orzamentos da Deputación de Lugo a favor da entidade Banco de Alimentos, en concreto, recollida no punto 6 Relación de subvención nominativas, co obxecto de colaborar no financiamento do “Aluguer local de almacenamento dos alimentos”, pola de “Adquisición de ovos”, para a anualidade 2019.

Considerando o informe emitido dende a sección de Benestar Social e Igualdade, no cal informase favorablemente ao cambio de actuación/concepto de “Aluguer local de almacenamento dos alimentos “ pola/o de “Adquisición de ovos” da subvención directa nominativa recollida nos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Lugo a favor do Banco de Alimentos, xa que os gastos de alugamento das naves onde se almacenan os alimentos van a ser asumidos pola Federación Gallega de Bancos de Alimentos (FEGABAN) e por outra banda a existencia dunha

gran necesidade de adquirir ovos para poder surtir deste alimento a un elevado número de familias que se atopan en situación de necesidade extrema e en risco de exclusión social.

Considerando que a novo concepto/actuación encaixa nos obxectivos recollidos na liña 3.2.1 Benestar Social do vixente plan Estratéxico de Subvencións, coincidindo co a anterior actuación, e que o cambio solicitado, non afecta ao importe da subvención nominativa de 9.000,00 € recollidos no orzamento de 2019, nin a aplicación orzamentaria a que se imputa, e dicir, á aplicación 2314.48900. Así mesmo, esta modificación de actuación/concepto non afectaría terceiros, senón que a nova actuación se dirixe ao mesmo colectivo que a actuación/concepto inicialmente recollida no vixente orzamento da Deputación de Lugo e no viente PES.

Considerando a conformidade do Servizo de Contratación e Fomento, da Secretaría Xeral e da Intervención en relación a aprobación da modificación do concepto/actuación da subvención directa nominativa recollida nos orzamentos 2019 da Deputación Provincial de Lugo a favor da entidade que nesta proposta se trata.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo, acorde:

Aprobar á modificación relativa a subvención directa nominativa, a favor do Banco de Alimentos da actuación/concepto “Aluguer local de almacenamento dos alimentos”, pola actuación/concepto “Adquisición de ovos”, na anualidade 2019”.

A proposta foi ditaminada favorablemente por unanimidade na Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA/O ACTUACIÓN/CONCEPTO “SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DAS ZONAS RURAIS DA PROVINCIA DE LUGO” DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE, RECOLLIDA NO VIXENTE ORZAMENTO DESTA DEPUTACIÓN.

Logo de ver a proposta da Deputada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Sonsoles López Izquierdo, en calidade de delegada da Área de promoción Económica e Social, e por ende, responsable dos asuntos en materia de servizos sociais da Deputación de Lugo expón o seguinte:

Considerando a petición realizada por don Anxo Queiruga Vila, en nome e representación da entidade Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, con data 21 de xaneiro de 2019 (registro número 1362), mediante o cal solicitaba o cambio da actuación/concepto da subvención directa nominativa recollida nos vixentes orzamentos da Deputación de Lugo a favor da entidade Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, en concreto, recollida no punto 6 Relación de subvención nominativas, co obxecto de colaborar no financiamento do “Servizo de Intermediación laboral para as persoas con discapacidade das zonas rurais da provincia de Lugo”, pola de “Centro de Atención diúrno Terapéutica. Fingoi-Lugo”, para a anualidade 2019.

Considerando o informe emitido dende a sección de Benestar Social e Igualdade, no cal informase favorablemente ao cambio de actuación/concepto de “Servizo de Intermediación laboral para as persoas con discapacidade das zonas rurais da provincia de Lugo “ pola/o de “Centro de Atención diúrno Terapéutica. Fingoi-Lugo” da subvención directa nominativa recollida nos vixentes orzamentos da Deputación Provincial de Lugo a favor do Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, xa que existe unha necesidade manifesta e prioritaria para a entidade vinculada ao financiamento do centro de atención diúrno terapéutica, que se atopa nunha situación de alto déficit, que conta con 60 prazas autorizadas e realiza 6 rutas de transporte adaptado para facilitar á asistencia ao centro das persoas con discapacidade da súa contorna e no que se

desenvolven actividades que perseguen a mellora da autonomía persoal das persoas con discapacidade con necesidade de apoio intermitente ou xeneralizadas.

Considerando que a novo/a concepto/actuación encaixa nos obxectivos recollidos na liña 3.2.1 Benestar Social do vixente plan Estratéxico de Subvencións, coincidindo co a anterior actuación, e que o cambio solicitado, non afecta ao importe da subvención nominativa de 30.000,00 € recollidos no orzamento de 2019, nin a aplicación orzamentaria a que se imputa, e dicir, á aplicación 2314.48900. Así mesmo, esta modificación de actuación/concepto non afectaría a terceiros, senón que a nova actuación se dirixe ao mesmo colectivo que a actuación/concepto inicialmente recollida no vixente orzamento da Deputación de Lugo e no vixente PES.

Considerando a conformidade do Servizo de Contratación e Fomento, da Secretaría Xeral e da Intervención en relación a aprobación da modificación do concepto/actuación da subvención directa nominativa recollida nos orzamentos 2019 da Deputación Provincial de Lugo a favor da entidade que nesta proposta se trata.

Por todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo, acorde:

Aprobar á modificación relativa a subvención directa nominativa, a favor do Confederación Galega de Persoas con Discapacidade da actuación/concepto “Servizo de Intermediación laboral para as persoas con discapacidade das zonas rurais da provincia de Lugo”, pola/o actuación/concepto “Centro de Atención diúrno Terapéutica. Fingoi-Lugo”, na anualidade 2019.

A proposta foi ditaminada favorablemente por unanimidade na Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

5.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de abril de dous mil dezanove, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1046 ao 1400, O Pleno da Corporación queda enterado.

6.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

7.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e dezaioito minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.